

BANDO INFORMATIVO

APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDES PARA O PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS 2017

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Orosó

INFORMA: Da apertura do prazo de solicitudes para o programa "Benestar en Balnearios"

CONTIDO: Oferta de estadías en réxime de pensión completa e de tratamento termal en quendas cunha duración de 10 días (nove noites) cada unha.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

1. Persoas maiores de 60 anos ou de 55 anos cumplidos se reúne a condición de ser pensionistas do Sistema da Seguridade Social
2. Estar empadroad e residir nalgún concello da comunidade Autónoma de Galicia
3. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais
4. Valerse por si mesmo/a, non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia nos establecementos, e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio

ACOMPAÑANTES:

A persoa beneficiaria poderá ir acompañada de:

- O seu o a súa cónxuge ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa cal teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, ou sempre que cumpla os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado no punto 1)
- O fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando este o poida facer sen necesidade de apoio de terceira persoa, se poida desprazar con autonomía, comparta o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpla os requisitos agás o do punto 1)
- Unha persoa coa cal deseche participar no programa, sempre e cando esta cumpla todos os requisitos

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Ata o 17 de abril

LUGAR DE PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello. Rúa do Deporte (baixo). Cita previa no teléfono: 981 688 950

MÁIS INFORMACIÓN: Orde de 8 de marzo de 2017 pola que se regula a oferta de prazas para estadías e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en Balnearios 2017 e se procede a súa convocatoria (DOG nº 53 do 6 de marzo de 2017)

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Orosó, 17 de marzo de 2017

